

**DECRETO DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE ONCE POSTOS DE TRABALLO, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023\_LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (BOPPO nº 230 do sábado 27 de novembro de 2021).**

En Meis, Dna. MARTA GIRÁLDEZ BARRAL, Alcaldesa-Presidenta deste Concello, dicta a seguinte Resolución:

Visto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 18 de febreiro de 2022, ao abeiro do PLAN CONCELLOS 2022-2023\_LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS, o Concello de Meis pretende a contratación laboral temporal, a xornada completa, de once persoas desempregadas, para levar a cabo a prestación de servizos mínimos de competencia municipal indispensables para o bo funcionamento da comunidade e o benestar dos veciños.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

1. Aprobar as bases que rexerán a provisión, mediante concurso-oposición, de once persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.
2. As ocupacións ofertadas son: 1 albanel, 1 carpinteiro/a, 1 electricista, 1 fontaneiro/a, 2 peóns forestais, 4 peóns de obras públicas e 1 pintor/a, con carácter de laboral temporal a xornada completa.

Mándao e asíno a alcaldesa, do que, a secretaría dá fe.

Documento asinado electronicamente.

